

XUÑO 2022 N°2

# XALLAS

Boletín anual de Xallas Santa Comba SCG





# XALLAS

Boletín anual de Xallas Santa Comba SCG



## PRESENTACIÓN:

*POLO EQUIPO XALLAS*

Coma o prometido é débeda, velaquí a segunda entrega do Boletín Xallas.

Outro ano máis "a carón de vós" e tentando transmitir nunha breve revista as accións e cambios acontecidos na nosa Cooperativa.

Seguimos con paso firme cara a mellora dos departamentos da cooperativa, pouco a pouco e con ilusión para seguir sendo un referente.

Encaramos novos tempos con moi boas novas. O aumento do valor do leite, a merma nas restriccións sanitarias, as festas do verán,... que dicir, máis que voltar a normalidade. Unha aperta!!!



## NESTE NÚMERO:

- HORIZONTE DO SECTOR NUN MERCADO GLOBALIZADO
- DEPARTAMENTO DE CALIDADE DE XALLAS SANTA COMBA SCG
- SECCIÓN ALMACÉN: NOVAS RUTINAS DE TRABALLO
- TÉCNICOS KWS: "SEMBRANDO EL FUTURO"
- NOTICIARIO

# HORIZONTE DO SECTOR NUN MERCADO GLOBALIZADO:

A pandemia da COVID 19, con inicio en China en decembro 2019 e declarada a nivel mundial en marzo de 2020, xerou unha forte crise. Unha crise tanto a nivel sanitario coma económico, en todos os países do mundo sen excepción, que aínda perdura hoxe sen ter claro se tocou a súa fin.

Para os sectores agrícola e gandeiro en particular supuxo e supón un incremento de custos pola subida nos prezos dos insumos, chegando a ter situacións de desabastecemento por problemas de produción e transporte.

O estalido da guerra en Ucraína supón un agravamento da situación por ser un dos principais provedores de cereal para Europa. Esta guerra parece prolongarse o que fai que os mercados de cereais non teñan estabilidade nin tendencia inmediata a unha mellora de prezos, é unha situación complexa debido a forte dependencia que temos da importación de materias primas.

Este encarecemento en materiais esenciais para a alimentación coma os cereais, para o transporte, plásticos e abonos coma o petróleo, para a industria coma o ferro, e o encarecemento nas actividades en xeral de fabricación e procesado, supón, parece que por un tempo aínda prolongado, un forte pulso para a nosa economía.



# DEPARTAMENTO DE CALIDADE DE XALLAS SANTA COMBA SCG:

Toda empresa precisa dun **sistema de calidade** que permita ter claros os procesos implicados na produción. A claridade e precisión do sistema de control de calidade permite detectar calquera incidencia negativa con prontitude e axilidade. A **trazabilidade** en calquera empresa é fundamental no mercado actual; dar unha resposta fiable ante un problema axuda tanto a resolvelo, coma a ser claro co cliente e eficaz na resolución.

Na nosa fábrica o control de calidade esta integrado por varias empresas de soporte externo. A persoa encargada da aplicación do programa, correccións e coordinación cos departamentos da cooperativa implicados é **Pablo Santos Díaz**.

No escalado aproximado de procesos dentro do noso control de calidade destacamos os puntos de maior risco, pola súa implicación no resultado final: tanto dun pienso animal terminado coma a caducidade ou dano dun produto á venda.

*-Recepción de materias primas.* As materias primas empregadas na fabricación dos nosos piensos teñen un control previo no peirao por parte do sistema GMP Galis dependente da Asociación Galega de Fabricantes de Alimentos Compostos (AGAFAC) da que somos socios. Na entrada de materia prima na fábrica fanse unha serie de controis seriados que quedan anotados no rexistro interno de calidade de Xallas: peso coincidente co facturado polo proveedor, protocolo de control de humidade e temperatura, control organoléptico.

*-Puntos críticos da fabricación.* Son partes do proceso de fabricación cun control individualizado e particular, levado a cabo polo persoal propio e empresas de control externas. Inclúen:

- . limpeza e desinfección de instalacións tanto liñas de fabricación e maquinaria coma o propio recinto.
- . control de plagas. Soporte externo da empresa Sergal.
- . control e calibración de básculas. Soporte externo da empresa Servipesa.
- Control de stocks. Permite coñecer o stock actual da fábrica para non quedar sen determinados produtos de importancia para fabricar ou para a venda. Por outra banda inclúe o control da caducidade dos produtos fabricados e dos que temos á venda non feitos na fábrica e divididos en familias: hixiene de muxido, sementes, fitosanitarios, material agrario e forraxes.

-*Mantemento xeral da fábrica.* Todo ten que funcionar axeitadamente xa que temos que cumprir as OCAS (OCA organismo de control autorizado) nas que nos fan auditorias de tensión eléctrica, medición de caldeiras, medición sistemas de vapor, calibración e verificación das básculas. A persoa encargada deste apartado é **Santiago Pazos González**.

-*Responder fronte aos Organismos Oficiais que regulan estes procesos.* Todos os sistemas de calidade, en calquera empresa, están auditados, vixiados para nos enterder, por inspectores que certifican que realmente fas o que o teu sistema de calidade di que tes que facer. O principal é o **Organismo de Seguridade Alimentaria**, dependente da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.



## PABLO

TÉCNICO E ENCARGADO DO DEPARTAMENTO DE CALIDADE, XALLAS SANTA COMBA SCG

-¿Dende cando es o responsable de calidade en Xallas?

Dende a miña chegada a empresa, ala polo 23 de febreiro de 2018.

-¿Que melloras precisabamos daquela e cal é o obxectivo actual?

O problema principal era a trazabilidade; xa na chegada tivemos unha inspección da Xunta que revelou problemas ao respecto. Case todos eles derivados da antigüidade tanto dos autómatas de fabricación coma do programa de xestión, que se entendían entre eles cunha interface humana que multiplicaba o risco de erros.

O obxectivo actual a curto prazo e pulir os detalles. Coa introdución dos autómatas novos e a súa integración no programa Delagros conseguimos eliminar a parte humana, limitando as posibilidades de erro e diminuindo o tempo adicado por parte dos operarios ao control e documentación dos procesos.

Este ano comezamos a recopilación documental para cumprir a normativa que da acceso a certificación da nosa fábrica en Global Gap. Este organismo axudaranos á mellora dos procesos, ao control documental e a adecuar as nosas instalación a modelos máis modernos de produción.




# SECCIÓN ALMACÉN: NOVAS RUTINAS DE TRABAJO.

No apartado de Almacén da Xallas houbo unha serie de cambios nos últimos tempos; a maioría deles moi relacionados co sistema de control de calidade que anteriormente comentamos.

Como primeira medida a fábrica non pode fabricar nada excepto que o ordenen dende báscula a través dos “borradores”. A vinculación dos pedidos ca fabricación, que nos permitiu o novo programa de xestión Delagros, é o eixo da nosa trazabilidade.

Unha nova colocación do almacén é o seguinte punto de trazabilidade. A ordenación en seccións segundo o tipo de produto e a especie animal, as “familias”. Este orden facilita moito o control de stock, de novo incluído no sistema de calidade.

Para facilitar de maneira visual o traballo aos compañeiros do almacén estableceuse un sistema de pegatinas de diferentes cores. Cada cor vai vinculada a un lote do produto cunha data de entrada, fabricación se é o caso, e caducidade.



Dentro da colocación global do noso almacén definíronse unha serie de zonas. Cada zona ten unha característica concreta de acceso para os camións e traspallets, e acolle produtos dunha familia particular:

- . zona de pienso ensacado. É a de maior tamaño dentro do almacén. Os piensos en formato saco para os nosos animais colocados en pallets: vacas e xatas, porcos, galiñas, cabalos, conexos e cans. Estes últimos, xunta cos piensos para gatos e pequenos coma poliños e conexos, teñen formatos de menor tamaño no noso súper.
- . zona de leites maternizadas para terneros.
- . zona de almacenaxe de aditivos para fabricación de piensos compostos: correctores vitamínico - minerais, graxas sólidas, secuestrantes, etc.
- . zona de hixiene de muxido. Produtos de hixiene e papel.
- . zona exclusiva para a recollida de Sigfito. Unha empresa externa recollerá os envases para a súa reciclaxe Sigfito.
- . zona de abonos e sementes. Esta zona ten dúas partes, unha delas inclúe o área de almacenaxe e corte de lonas.
- . zona de almacenaxe de forraxes
- . zona de produtos fitosanitarios e abonados líquidos. Este área está compartida entre o almacén e a tenda, cunha pequena habitación pechada para os envases de pequeno formato.

A ordenación permite ser áxiles fronte a unha inspección, para facer o reparto e saber onde están as cousas.

Outro obxectivo na ordenación do almacén a curto prazo e delimitar as zonas de paso na fábrica para reducir o risco de accidentes. Esta proxectada a colocación dunhas estanterías metálicas modulables para pallets. Nesta fase realizarase un pintado por zonas e sinalización nos suelos para marcación de tránsito de operarios e maquinaria.





# TÉCNICOS KWS: "SEMBRANDO EL FUTURO"

A aposta de Xallas pola casa de sementes alemana KWS iniciase formalmente no ano 2018. Dende esta data fomos incrementado a venda deste millo forraxeiro na nosa zona, converténdonos no segundo principal distribuidor de KWS en Galicia.

Este ano contamos coa axuda de dous técnicos da casa, **Pablo Mosquera e Pedro Calvo**, que apoiaron ao Equipo Técnico de Xallas no campo.

A figura do asesor de millo é complexa xa que estamos a falar dun cultivo moi dependente da climatoloxía. Este ano o seu papel foi fundamental xa que ademais de defender as súas variedades tiveron que defender unha serie de cambios no tratamento das súas sementes.



## PABLO E PEDRO

TÉCNICOS KWS SEMILLAS

*-¿Como vivístedes o inicio da campaña?*

Este ano todo foi un pouco máis ordenado. Comezamos cedo as visitas aos clientes do ano pasado e iso permitíu levar a cousa sen tanto apuro. Ademais ser dous sempre facilita o traballo, sobre todo na campaña porque se xuntan as visitas e mover as bolsas de millo entre as granxas e os ditribuidores.



*-¿Por que a empresa apostou este ano polo novo tratamento da semente fronte ao corvo?*

O tratamento tradicional nos últimos anos fronte ao paxaro é o Korit. A Unión Europea ten decisión de retirada deste produto e por iso a nosa empresa comezou a investigar e probar tratamentos alternativos que cumpriran a normativa. O millo co novo tratamento vendiuse en Francia o ano pasado con moi bos resultados e por iso este ano a empresa decidiu introduci-lo en España.



*-¿Que é o máis complexo da vosa labor coma asesores de campo?*

Sobre todo cando vas sembrar o teu millo nunha zona nova que non coñeces e non tes referencia para saber cal das variedades iría mellor. Por eso facemos os campos de ensaio e os retos; vas vendo ese millo como se comporta na zona nova e sacas moita información para o ano seguinte.



# NOTICIARIO:



- O 2022 trouxo moitas **voltas as rutinas cotiás da nosa Cooperativa**, coma as clases de pilates que realizamos no salón de actos.

- Temos unha nova incorporación, Benigno Pazos, que ven como apoio ao Servizo Técnico da Xallas. Veterinario de formación cubrira labores técnicos e comerciais dentro do departamento. **Todo o apoio ao novo compañeiro no seu inicio e o desexo dunha longa e produtiva andadura na cooperativa.**

- **Xallas continúa colaborando** con centros de formación do sector coma EFA Fonteboa de Coristanco. O pasado verán ademáis desfrutamos das visitas dos nenos dos campamentos de verán organizados polo Concello de Santa Comba; esperamos que repitan. Durante o mes de marzo dese ano, e o verán do pasado, acollemos alumnos de prácticas de ciclos superiores formativos de xestión e marqueting.



- Este ano os edificios da Cooperativa están a recibir un pequeno "lavado de cara": as fachadas, os logos e as zonas de tránsito entre os edificios. Cambiáronse as chapas transparentes do teito mellorando a iluminación no interior do almacén



- A aposta do pasado ano polo servizo de maquinaria da Cooperativa, **Servizo Agro**, esta a dar un bo resultado a pesar dos contratemplos debidos ao incendio que arruinou a nave de Catro Ventos que facía de centro de operacións,

- **Somos a primeira cooperativa galega presente na rede social TikTok.** Estes pequenos avances no eido da comunicación achegan o día a día da nosa Cooperativa aos soci@s dun xeito diferente e visual.



- **Xa formamos parte da Asociación de Empresarios de Santa Comba.** Participamos nas distintas promocións e feiras organizadas, coma a Feira de Outono e o concurso de escaparates. Ademáis estivemos presentes na poxa de xovencan en xaneiro.



CONTIDOS E IMAXES ELABORADAS POR SARA GRACIA CARBAJO, RESPONSABLE DE SERVICIOS TÉCNICOS E COMUNICACIÓN , XALLAS SANTA COMBA SCG.

AS FONTES DE TODAS A IMAXES E OS CONTIDOS SON DE ELABORACIÓN PROPIA.

AGRADECIMENTOS:

QUERO DAR AS GRAZAS A TODOS E TODAS OS COMPAÑEIR@S POLA VOSA AXUDA NA ELABORACIÓN DO SEGUNDO BOLETÍN XALLAS. SEGUIDE CON ESA PACIENCIA!!!

